



# XOVES 4 DE XUÑO DE 2020

- Tes **bastonciños** dos oídos pola casa? Porque hoxe precisámoslos para xogar co **abecedario**. Se non tes bastonciños, podes empregar calquera outra cousa.
- **5 ANOS**: **escribe todas as letras do abecedario** en diferentes anacos de papel, recorta cada anaco e despois **forma** as **letras** cos **bastonciños** dos oídos ou algo similar. Logo, **escolle** diferentes letras **ao azar** e **pensa** nalgunha **palabra** que comece por esas letras, **escríbea** e fai un **debuxo**.
- **4 ANOS**: **repasa todas as letras do abecedario** en diferentes anacos de papel, recorta cada anaco e despois **forma** as letras cos **bastonciños** dos oídos ou algo similar. Logo, **selecciona** as **vogais** e **pensa** nalgunha **palabra** que comece por elas. Para rematar, **forma o teu nome cos bastonciños**. Primeiro **escríbeo** nun papel para ver claramente como son as túas letras.
- **3 ANOS**: os teus papás deberán escribir as **letras do abecedario** en diferentes anacos de papel. Ti podes **repasar as vogais**. Logo, recorta os anacos e colle un por un para **formar** as letras con **bastonciños** dos oídos ou algo similar. Por último, **forma o teu nome cos bastonciños**. Primeiro **escríbeo** nun papel para ver claramente como son as túas letras.
- **Grazas, forza e ánimo.**

